

Xoves, 8 de setembro de 2022

Núm. 172

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL**PORRIÑO, O****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN DEFINITIVA DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 06/2022 (EXPEDIENTE 3236/2022)**ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 06/2022*

O Pleno do Concello do Porriño, reunido na sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito co código SC 06/2022 (expediente 3236/2022), financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais de 2021 (clasificación económica 87000), por importe total de 4.359,81€, suplementando o crédito da partida orzamentaria 920.2260400 (xurídicos e contenciosos) para pagar a sentenza nº 305 do Xulgado do Social nº 5 de Vigo na que se estima parcialmente a demanda en materia de despido e na que se condena ao Concello ou ben a readmitir á traballadora ou ben a abonarlle en concepto de indemnización a cantidade de 4.359,81 €, notificándolle ao Xulgado a decisión de optar polo abono da indemnización debida.

Este expediente, tras ser publicado no BOPPO n.º 151, de data 09/08/2022, someteuse a información pública polo prazo de 15 días, rematando este prazo o día 31/08/2022, sen que se presentasen reclamacións ao respecto, tal e como certifica o secretario xeral deste concello o día 01/09/2022, polo que, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e os artigos 20 e 38 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, a modificación considérase definitivamente aprobada e o resumo por capítulos do orzamento queda do seguinte xeito:



Xoves, 8 de setembro de 2022

Núm. 172

Estado de gastos:

Capít.	Descrición	Iniciais	Modificac.	Definitivos
1	Gastos de persoal	4.384.942,11	1.003.950,46	5.388.892,57
2	Gastos correntes en bens e servizos	7.944.557,84	2.578.224,22	10.522.782,06
3	Gastos financeiros	50.000,00	0,00	50.000,00
4	Transferencias correntes	1.166.475,07	13.319,73	1.179.794,80
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	47.740,61	0,00	47.740,61
6	Investimentos reais	15.000,00	2.731.434,00	2.746.434,00
7	Transferencias de capital	5.000,00	18.990,45	23.990,45
8	Activos financeiros	70.000,00	0,00	70.000,00
	Totais	13.683.715,63	6.345.918,86	20.029.634,49

Estado de ingresos:

Partida	Descrición	Iniciais	Modificac.	Definitivos
1	Impostos directos	5.422.400,00	0,00	5.422.400,00
2	Impostos indirectos	275.000,00	0,00	275.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.425.674,00	2.339,06	2.428.013,06
4	Transferencias correntes	5.047.625,26	656.796,78	5.704.422,04
5	Ingresos patrimoniais	757.404,84	0,00	757.404,84
7	Transferencias de capital	0,00	763.108,10	763.108,10
8	Activos financeiros	65.000,00	3.640.617,10	3.705.617,10
	Totais	13.993.104,10	6.345.918,86	20.339.022,96

Contra esta aprobación definitiva poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición, de acordo co disposto nos artigos 23 e 38.3 do citado real decreto (RD 500/1990).

Documento asinado dixitalmente polo alcalde-presidente, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co código de identificación de sinatura electrónica, no lugar e na data expresados na marxe.

